CONCELLO DE
SANXENXO

Angel Luis López Pita, secretario xeral do Concello de Sanxenxo.

CERTIFICO: que a **Corporación Municipal en Pleno** deste concello, na sesión **ordinaria** do día **VINTE E SETE DE MARZO DE DOUS MIL DEZASETE,** en relación a **"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN INICIAL DA "MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 6 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANXENXO"** adoptou por **unanimidade** dos membros de dereito da Corporación o acordo cuxa parte dispositiva se transcribe:

""**PRIMEIRO: prestar aprobación inicial á Modificación Puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sanxenxo**, contida no documento asinado o 15 de marzo de 2017 por Dª Mª Asunción Lorenzo Outón, D. José Manuel Rey Rial e D. Rafael Vázquez Abal.

SEGUNDO: suspender os procedementos de outorgamento de licenzas co contido e o alcance que se determina no documento "*Suspensión de licenzas como consecuencia da aprobación inicial da Modificación Puntual nº 6 do PXOM de Sanxenxo*", incorporado ao expediente.

TERCEIRO: ao abeiro do disposto no artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, **someter o expediente completo a información pública** durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia (DOGA) e en un dos xornais de maior difusión na provincia.

CUARTO: simultaneamente, **trasladar a documentación sometida a información pública ao órgano competente en materia de urbanismo**, quen realizará as consultas previstas no Informe Ambiental Estratéxico, dará audiencia aos concellos limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos; e **solicitar os demais informes sectoriais que resultasen preceptivos**, relacionados polos técnicos municipais nos seus informes.""----------

E para que conste, coa salvidade do art. 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, asino este certificado.

Sanxenxo, 29 de marzo de 2017.

Vº e pr.
O alcalde